

Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu tiña un avó que se chamaba Ánxel, a quen lle gustaba xogar ao xadrez, ao pilla pilla e ao escondite. Morreu con 70 anos xusto dous días de eu cumprir 2 anos. Foi un día moi triste, eu ese día chorei moito e dous días despois xa tiña dous anos.

Ánxel tiña 15 vacas, 3 cans e 2 gatos...o que quere dicir que lle gustaban moito os animais.

Oxalá algún día volva a vivir neste mundo, e non só porque cando tiña 2 anos regaloume roupa.

Iván Ares Enjamio



Sempre hai alguén a quen lembrar


Era un can chamado Loki sempre que o sacaba a pasear mexaba para despois non mexar no noso piso. Comía toda a comida que lle dábamos, e encantáballe que lle acariciáramos.

Sempre viña a miña habitación para que lle acariciara e durmía na cociña, un dos seus sitios favoritos.

Non lle facía caso ao meu irmán Marcos, meu pai tentaba que lle dera a pata, pero nada. Aínda que unha vez o deulle a pata, un aplauso.

Sempre lembrarei ao meu can como se fora hoxe mesmo. Pasei uns grandes catro meses contigo Loki.

Manuel Asorey Gómez



Sempre hai alguén a quen lembrar

A miña cadela Cati chegou antes que eu e meu irmán .

As veces saía fóra a ver que facía, encantáballe entrar dentro da casa pero o meu pai non quería.

Tamén lle gustaba cando comiamos churrasco que lle deramos os ósos para que os roera .

Un día despois de dar un paseo o can dos veciños colleuna e partiulle unha pata, o can dos veciños é moito mais grande que ela.

Gustáballe ir a levar as vacas e ir a dar paseo. Un día a miña nai pechou o portal pero deixou a Cati fóra, sen darse conta claro! Logo deuse conta meu irmán e Cati, polo que abrimos o portal para que puidera entrar.

Morreu porque Casal, sen querer, deulle co coche e rompeulle a pata. Levámolo ao veterinario e démoslle os medicamentos pero non funcionou e morreu .

Bótoa moito de menos !

Lucía Bermejo



Sempre hai alguén a quen lembrar

A miña tartaruga coidábaa a miña madriña cando eu ía o colexio. Era moi bonita, vivía na terra. Gustáballe xogar cos cans cando tiñan 1 mes.

A tartaruga foi nai cando tiña 2 anos por primeira vez. Tivo moitas pero sobreviviron 3 tartarugas, as demais morreron.

Cando era verán escalaba pola piscina e a nadar nela! A súa casa era o lavadeiro de meus avós. Pero un día deunos un pequeno susto, escapou e non a atopábamos... ao día seguinte atopámola no coche de miña nai. Pero non tivemos moita sorte na seguinte vez que desapareceu, nunca mais volveu a casa de meus avós.

Diego Budiño Fernández



Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu recordo a o meu avó. Era moi simpático e xoguetón. Sempre por Samaín dábanos caramelos.

Unha cousa moi boa que nos pasou é que eu estaba na casa dos meus avós, todo o mundo estábame buscando e o meu irmán entrou pola porta e, tan axiña como me veu, correu para avisar a todos.

Algo que sempre me gustaba do meu avó é que sempre estaba contento pasara o que pasara.

O meu avó tiña moitos cans, moitos reloxo de man e unha habitación moi moi pequena.

Gustáballe sentarse nun banco que había no recibidor, a carón da fiestra. De feito un día estiven dúas horas axudándolle a mondar garavanzos, paseino moi ben.

E por último gustábanos escoitar música xuntos.

Iago Castro Crego



Sempre hai alguén a quen lembrar

PETÍS

Era un can moi bo, cariñoso e simpático. Sempre te seguín a onde foses.

Nunca che faría nada, só daba bicos e quería mimos da xente.

Cando era un pouco maior regalámosllo aos meus avós.


Pero a casa dos meus avós estaba ao lado da nosa así que cando quería visitábanos e tamén cando os meus avós se ían viña xunto nosa para xogar un ratiño. Tamén cando a miña avoa ía recoller ou colgar a roupa Petis viña con nós e eu xogaba con el con calquera cousa que se me ocorriera.

Petis morreu a os doce anos ao querer apartar dun coche sen ver outro que viña detrás.

LUKI

Luki era moi bo pero coa xente que non coñecía tiña que pasar un rato pra que se fiara deles/as. Era moi amigo de Petís. Cando nos íamos a comprar ou a calquera outra cousa sempre viña e se despedía de nós. Un can moi educado.

Nuria Couso Carril




Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu lembro ao meu tataravó porque coidábame cando era un bebé .Os meus pais dinme que sempre me levaba ao parque a xogar e a dar-me paseos para quedarme durmida.

Gustaríame que non estivera morto para que fora todo como antes.

Gustaríame que me escoitaras para dicirte canto te quero e canto te boto de menos como o meu avó.

Elia García Rodríguez




Sempre hai alguén a quen lembrar

Vou lembrar ao meu can. Sempre me facía caso. Era moi bo e agarimoso. Comía penso e carne, pero tamén aproveitaba os ósos cando nos sobraban.

Era de cor negro unhas pequenas manchas amarelas. As súas orellas era pequenas. Destacaban a cor azul dos seus ollos. Chamábase Jimmy.

Leo Gil



Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu lembro a meu avó que morreu fai dous anos, chamábase Ignacio. Morreu cando eu tiña sete anos.

Unha anécdota do día que morre, meus curmáns máis eu pillamos un saltamontes.

Era moi bo con nós. Sempre que ía facer a compra traianos gusanitos, chuches...

Non era moi falador pero era moi bo e moi boa persona.

Os días que había festa íamos a ela, nosa avoa non nos compraba nada pero noso avó si, e moitas cousas e moitos xoguetes.

Imos casi todos os días ao cementerio e deixámoslle flores.

Lémbroo moito e gustaríame que aínda estivera con nós pero xa non podemos facer nada. Iso non está nas nosas mans!

Noa Iglesias Cao.



Sempre hai algúen a quen lembrar

Extraño mucho a mi abuelo al cual yo llamo Pipo. Él siempre me tiraba de las orejas. Jugaba conmigo. Yo lo visitaba los fines de semana y él siempre me daba una fruta llamada guayaba.

Echo de menos su presencia.

Chamira Mendoza Terrero




Sempre hai alguén a quen lembrar

O meu can chámase Chiqui e faleceu un día que foi co seu fillo de noite ao monte. Comeuna o lobo. E o seu fillo correu ata chegar pola mañá a casa, estaba empapado e chorando moitísimo.

Bótoa de menos! Acompañábame a todos lados, e gustáballe moito ir a pasear e xogar coa pelota. A súa comida preferida era o xamón cocido e os ósos que sobraban.

Xogaba ca súa curmá, desfrutaba con xogar e vir comigo sempre, ao meu carón. Encántaballe correr e saltar por iso sempre quere ir a pasear. Era unha cadela moi inqueda.

Leo Noya



Sempre hai alguén a quen lembrar

A quen lembro neste día é a o meu bisavó Lino.

Lémbroo porque me quería moito. Xogaba comigo ás cartas, deixábame pintarlle as uñas, peitealo, maquillalo... Ademais se a miña nai me rifaba sempre era el o que me defendía.

Paseaba comigo e ademais estaba súper contento cando nos vía sorrir.

Bótote moito de menos!

Paula Ponte Martínez




Sempre hai alguén a quen lembrar

Tistrán é o meu can. Está no hospital. Bótoo de menos pero moito!

Encantáballe xogar coa pelota.

Óscar Quintero Rivas



Sempre hai alguén a quen lembrar

De quen vos vou a falar non é unha persona pero si un ser vivo. Chámase Las e era un can moi bo. Cada día que ía á casa de meus avós o primeiro que facía era ir a ver a Las e sempre lle decía:

-Ola Las! hoxe veño cun vestido novo.

El miraba como se lle interesara eu, xa que eu era a que lle botaba de comer. Despois a irmá de meu pai paríralle unha cadela e decidimos levar a unha cadela que se chama Dora para que lle fixera compañía. Lévanse moi ben e cando lle ía dicir o guapa que estaba hoxe Dora tamén atendía e xogaban xuntos e pasábano moi ben pero un día atropellaron a Las e Dora mais eu que da mos tristes. E un día ocorreusenos xogara un xogo que xogabamos con Las .Agora xa teño unha outra cadela que se chama Nala.E quero que Las sepa que o quero moito igual.

Antía Raposo



Sempre hai alguén a quen lembrar

A quen recordo este día é a meu avo Jesús.

A el gustáballe ir andar, ía todos os días.

A súa cor preferida é o laranxa, porque lle encantaban as laranxas e as cabazas.


Gustáballe moito xogar ao axedrez ou as damas e tamén lle gustaba estar cos cans.

Todos os días sentábase na mesa a ler o xornal.

Contábame todos os días unha historia.

Bótote moito de menos!

Carme Rendo Duro



Sempre hai alguén a quen lembrar


A miña ninfa Rex

Eu tiña unha ninfa que se chamaba Rex. Tíñalle moito cariño. Ensineille unhas cancións, especialmente a de Pinocho Navidad.

Unhas veces mordíame pero eu non sabía que eran bicos.

Como o meu irmán e meu pai eran alérxicos ás plumillas que soltaban, tivemos que darllas a un amigo do meu pai que xa tiña mais paxaros .

Samuel Rouco



Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu lembro a miña bisavoa porque levábame aos sitios. Íamos á feira dos cans xuntas e tamén porque eu a quería moito.

Lembro que me levaba a moitos sitios: a dar un paseo, a mercar un xeado...

Na casa xogabamos xuntas.

Gustariame contarlle que a quero moito. Sempre estarei ahí cando o necesite e tamen porque a boto moitísimo de menos. Oxalá estivera aquí para contarlle todo o que vos estou contando.

Sempre estarás no meu corazón, CARME!

Ainhoa Rouco López



Sempre hai alguén a quen lembrar

A miña bisavoa é moi especial e quería moito. Estiven moi pouco tempo da miña vida con ela, porque morreu cando eu tiña 1 ano. Bótoa moito de menos. Gustábame estar con ela e volver a vela porque eu case non estiven con ela. Gustaríame que xogara comigo porque o pasaría ben. O que máis me gustaba dela é que estaba comigo sempre. Era moi boa comigo. Gustábame que me dera abrazos e bicos. Era moi agarimosa! E o recordo que teño!

Chamábase Encarnación.

Aldara Segade Lago.


Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu lembro a miña cadela que se chamaba Peti e outra que se chama Pelusa. Elas as dúas vivían na casa de meu pai.

Bótoas de menos porque sempre me acompañaban e seguíanme a todas partes: cando camiñaba, no parque, cando ía á casa da veciña e cando xogaba con elas.

Sempre xogaba con elas, pero ata que un día me fun a casa da miña nai. A semana seguinte fun outra vez a casa de meu pai e díxome que Pelusa se escapara e Peti morrera, aínda que eu non llo creo porque non lle daban comida.

Natalia Valentín Espíritu



Sempre hai alguén a quen lembrar

Alguén especial coa que pasei parte da miña vida foi a miña bisavoa.

Chamábase Carme. A ela gustáballe ir a dar paseos, xogar.

Xogaba connigo e moitas cousas máis, notábase que disfrutaba ao meu carón.

Era moi boa con todo o mundo e agarimosa.

Gustábanme os seus bicos.

Bótoa moito de menos. Teño ganas de volver a vela para xogar con ela.

Mariña Varela



Abuela Carme.

Sempre hai alguén a quen lembrar

A miña xemelga na barriga da miña nai.

Eu sempre estiven con alguén na barriga da miña nai pero non a puiden coñecer.

Bueno cóntovos a historia!

Eu estaba na barriga da miña nai pero compartía espazo con alguén e eu non sabía quen era. Pero un día, exactamente o 17 de xuño eu saín pero ela non!

E eu creo que estaba chorando porque non viña comigo e dentro duns anos a miña nai no día dos mortos sempre me di que tiven unha xemelga,

Ás veces pola noite o día dos mortos vou ao balcón e dígoche:

-Ola , bótote moi de menos, eu sempre tento esquecer de que viñas comigo pero no pido.

Formas parte da miña vida aínda que non che coñecín pero quéroto moito.

Uns bicos da túa xemelga.

Ruth Vázquez Rodríguez



Sempre hai alguén a quen lembrar

Eu boto de menos a miña bisavoa. Eu se a poidera ver estaría moi feliz. Sempre que íamos a súa casa dábanos regalos como xoguetes, libros e chuches. Era moi boa e tiña moita pacencia aínda cando íamos os meus curmáns, meu irmán, máis eu, todos xuntos. Ata un día chegamos a súa casa e, en vez de regalos, tíñanos feito unha habitación con xoguetes novos e con mobles.

A miña bisavoa da que vos estou falando era por parte do meu pai e meu pai rembra moi ben como era o Día dos Mortos. Recordámola, morreu sobre o 24-25 de novembro do 2020 eu intentei esquecerla porque o día que morreu botámola moito de menos

Encántame ver fotos dela, era nai da miña avoa de Curtis, avoa dos irmáns do meu pai, nunca a esquecemos e agora só me queda unha bisavoa.


Eu para lembrala miro pola ventana e penso:

-Canto te boto de menos! Oxalá volvera a verte!

Quédome mirando un bo rato pola ventá.

Gustaríame contarlle que saquei todo deces no colexio e que o parque de Arzúa que é ao que me levaba reformárono todo. Cantas cousas por contarche! Dame pena lembrala porque me boto a chorar fácilmente. Pero a vida segue. Oxalá volvera a vela!


Uxía Ventureira García



Sempre hai alguén a quen lembrar

O meu can fai moito que morreu. Chamábase Toni . Boto moito de menos porque era xoguetón, perseguíame a todas partes. As veces mordíame, facíase o morto e iso preocupábame despois de facelo dez veces. Fixo unha vez mais e morreu. Enterrámolo no prado.

Jorge Vidal Pena



Sempre hai alguén a quen lembrar

Trisqui era a miña cadela. Bótoa de menos porque eramos amigos, eu e máis ela. Acompañábame á parade de autobús todos os días. Xogábamnos polas tardes xuntos.

Gustaríame que vovera para que xogara con Lunita e Zoco.

Efrén Villar

